

PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES PARA A CONTRATACIÓN DA OBRA DE REPOSICIÓN DO CEP “DR. FLEMING” DE VIGO (PONTEVEDRA).

1. RÉXIME XURÍDICO

O presente contrato rexerese:

- a) Polas cláusulas contidas no presente prego.
- b) Polo texto refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas (en adiante TRLCAP), o seu regulamento aprobado por RD 1098/2001 do 12 de outubro (en adiante RXLCAP) y polas demais normas de aplicación en materia de contratos.

O contratista obrígase baixo a súa única e exclusiva responsabilidade, ó cumprimento das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e calquera outra de carácter xeral e das modificacións que poidan producirse durante a vixencia do contrato.

O descoñecemento do contrato en calquera dos seus termos, dos documentos que figuran unidos ó mesmo ou das instrucións formuladas pola Administración que poidan ter aplicación na execución do pactado, non eximirá ó contratista da obriga do seu cumprimento.

2. OBXECTO DO CONTRATO

O obxecto deste contrato é a execución da **obra de reposición do CEP “Dr. Fleming” de Vigo (Pontevedra) (C.C. 36010711)**, definida no proxecto redactado por **Santiago Catalán Tobía**, que acompaña a este prego, aprobado polo órgano de contratación da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Os planos, o prego de prescricións técnicas, o cadro de prezos do proxecto e a memoria do proxecto, nos termos do artigo 128 RXLCAP, revestirán carácter contractual.

3. ORZAMENTO

O importe máximo establecido para esta contratación ascende a un importe total de **2.453.945,80 euros**, IVE incluído, distribuído nas seguintes anualidades:

- | | |
|------------------|--------------------|
| - Ano 2003 | 428.254,87 euros |
| - Ano 2004 | 2.025.690,93 euros |

que se imputaran ó crédito existente na aplicación **07.01.322A.622.1** do orzamento corrente da Consellería para 2003 e en canto á asignación para o ano 2004 está prevista a súa existencia nos Orzamentos Xerais que se aprobarán para este ano.

4. PRAZO DE EXECUCIÓN DO CONTRATO

O prazo de execución das obras será de **8 meses**, comezando o seu cómputo o día seguinte ó de comprobación do trazado.

O prazo contractual só será prorrogable cando concorran as circunstancias e requisitos esixidos pola lexislación vixente.

A execución da obra axustarase os prazos parciais sinalados no proxecto, e en todo caso os sinalados no programa de traballo presentado polo adxudicatario e aprobado polo órgano de contratación.

5. PROCEDEMENTO E FORMA DE ADXUDICACIÓN DO CONTRATO

O expediente de contratación tramitarase polo procedemento ordinario, de conformidade có establecido no artigo 70 do TRLCAP.

O sistema de adxudicación do contrato realizarase polo procedemento aberto, mediante a forma de concurso.

6. ANUNCIO DE LICITACIÓN E GASTOS DE PUBLICIDADE

O anuncio de licitación do contrato a que se refire o presente prego, será publicado no Diario Oficial de Galicia (DOG).

Os gastos de todo tipo que orixine a publicación do concurso serán por conta do adxudicatario do contrato. Ós efectos do establecido no artigo 67.1 g) do RGLCAP, establécese un importe máximo de 1000 euros.

7. CAPACIDADE PARA CONTRATAR

Poderán contratar coa Consellería as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras que teñan plena capacidade de obrar e acrediten estar en posesión da correspondente clasificación, requisito este último que será substituído pola acreditación da solvencia económica, financeira e técnica ou profesional nos supostos que se establecen na Lei de Contratos das Administracións Públicas.

En ningún caso poderán contratar coa Administración as persoas nas que conorra algunha das circunstancias establecidas no artigo 20 TRLCAP.

8. DOCUMENTACIÓN A APORTAR POLOS LICITADORES

Para participar no concurso, os licitadores deberán presentar tres sobres cerrados, identificados no exterior, coa indicación da licitación á que concorren, segundo o modelo seguinte: **“OBRA DE REPOSICIÓN DO CEP “DR. FLEMING” DE VIGO (PONTEVEDRA) (EXP. 21/03/O)”**. Deberán así mesmo estar firmados polo licitador ou persoa que o represente e indicación do nome e apelidos e razón social da empresa.

Os sobres deberán presentarse no Rexistro Xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, emprazado no Edificio Administrativo de San Caetano, en Santiago de Compostela (A Coruña), dentro do prazo sinalado no anuncio de licitación. Tamén poderán presentarse mediante o seu envío por correo, e neste suposto, o licitador deberá xustificar a data de imposición do envío na oficina de Correos e anunciar ó órgano de contratación da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, a remisión da oferta mediante Fax (número 981-545443) ou telegrama. No texto do Fax ou telegrama deberá figurar claramente a identificación do concurso a que se fai referencia no primeiro parágrafo desta cláusula.

Sen a concorrencia dos requisitos sinalados anteriormente non será admitida a documentación si fose recibida polo órgano de contratación con posterioridade á data e hora da terminación do prazo de licitación.

Transcorridos, non obstante, dez días seguintes á indicada data sen recibirse a documentación, esta non será admitida en ningún caso.

Presentada ou remitida a documentación non poderá ser retirada, salvo por causa xustificada.

Os licitadores deberán presentar toda a documentación esixida acomodada ós requisitos establecidos e debidamente redactada nun dos dous idiomas oficiais da Comunidade Autónoma de Galicia. Os licitadores estranxeiros deberán acompañala traducción oficial que será efectuada polos servicios competentes ou por notario público que dará fe da traducción.

Os documentos presentaranse orixinalmente, ou por medio de compulsa realizada por notario ou funcionario público.

A inclusión da proposición económica no sobre de documentación administrativa poderá orixinar, segundo o parecer da Mesa de Contratación, a exclusión do licitador.

8.1. DOCUMENTACIÓN QUE SE INCLUIRÁ NO SOBRE A

8.1.1. Licitadores españois

Incluirán a documentación administrativa que se sinala de seguido, precedida dunha relación dos documentos que se presentan, enunciados numericamente.

- a) Copia do Documento Nacional de Identidade ou documento acreditativo da identidade, do licitador e, no seu caso, da persoa que o represente.
- b) Se o licitador fose persoa xurídica, a escritura de constitución da empresa e a modificación, no seu caso, inscrita no Rexistro Mercantil cando este requisito fose esixible conforme á lexislación mercantil que lle fose aplicable. Se non fose esixible, a acreditación da capacidade de obrar realizarase mediante a escritura ou documento de constitución, estatutos ou acto fundacional no que se constatasen as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos no seu caso, no correspondente Rexistro Oficial.
- c) Poder notarial , cando o licitador non actúe no seu propio nome ou se se trata dunha persoa xurídica, declarado bastante pola Asesoría Xurídica da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria ou, no seu defecto, doutra Asesoría Xurídica da Xunta de Galicia.
- d) Declaración responsable de non estar incurso nas prohibicións para contratar que se establecen nos artigos 15 a 20 del TRLCAP.
- e) Certificación de atoparse ó corrente das súas obrigas tributarias, e presentación da alta e último recibo do Imposto de Actividades Económicas, Certificación de atoparse ó corrente no cumprimento das obrigas coa Seguridade Social e así mesmo Certificación de non ter débedas en período executivo coa Facenda da Comunidade Autónoma de Galicia.

Os licitadores poderán presentar unha declaración responsable que comprenderá expresamente, ademais da circunstancia de non atoparse incurso en causa de prohibición de contratar, a de estar ó corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, incluída a alta e último recibo do IAE y de non ter débedas coa CC. AA. de Galicia. Neste caso, o licitador que se propoña para ser adxudicatario, deberá presenta-los correspondentes certificados no prazo máximo de cinco días hábiles, contados desde o momento no que se lles requira a tal efecto.

- f) **Certificación de estar en posesión da clasificación no Grupo: C : Subgrupo: Todos e Categoría: F.**

- g) Declaración realizada polo apoderado, director ou xerente da empresa en relación cos seguintes datos: identificación da entidade, nome da persoa que firma a proposta, domicilio da empresa, teléfono, Fax e dirección de correo electrónico da mesma, no seu caso, a efecto de realiza-las notificacións pertinentes.

Si o licitador estivera inscrito no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, deberá indicar no exterior do sobre, o número de inscrición e acompañalos documentos que se indican nas letras a) e g). Ademais deberá presentar no sobre a documentación que non conste no citado Rexistro ou que se atope caducada.

As Unións Temporais de Empresas (UTES) que se formasen para participar na licitación, deberán presentar, ademais da documentación referida a cada empresa, un documento no que indiquen o seu desexo de concorrer integrados, a participación de cada empresa na unión, o nome do representante, así como o compromiso de constituír formalmente a unión temporal, caso de resultar adxudicatarios.

De acordo co establecido no artigo 35 do TRLCAP non se esixe a presentación de garantía provisional

8.1.2. Licitadores non españois de estados membros de la CE ou signatarios do Acordo sobre o Espacio Económico Europeo

Os empresarios non españois membros da CE ou signatarios do Acordo sobre el Espacio Económico Europeo, acreditarán a súa capacidade de obrar mediante a inscrición nos rexistros ou presentación das certificacións que se indican no anexo I do RXLCAP, para o contrato de obras.

8.1.3. Licitadores non incluídos nos apartados anteriores

As empresas estranxeiras non comprendidas nos artigos anteriores acreditarán a súa capacidade de obrar mediante informe expedido pola Misión Diplomática Permanente ou Oficina Consular de España do lugar de domicilio da empresa, na que se fará constar, previa a acreditación pola empresa, que figuran inscritas no Rexistro Local profesional, comercial ou análogo, ou, no seu defecto, que actúan con habitualidade no tráfico local no ámbito de actividades ás que se refire o obxecto do contrato. Así mesmo deberá unirse o informe da Misión Diplomática Permanente de España ou da Secretaría Xeneral de Comercio Exterior do Ministerio de Economía, en relación ó informe de reciprocidade a que se refire o artigo 23.1 do TRLCAP.

8.2. DOCUMENTACIÓN QUE SE INCLUIRÁ NO SOBRE B

No sobre B incluírase a proposición económica, que se axustará ó modelo que se une como anexo I deste prego.

A proposición entenderase con IVE incluído, se ben deberá desglosarse o mesmo.

Serán excluídas as ofertas que superen o importe máximo establecido ou o prazo máximo de execución da obra.

8.3. DOCUMENTACIÓN QUE SE INCLUIRÁ NO SOBRE C

Este sobre conterá a documentación seguinte:

- a) Certificación expedida polo órgano correspondente da Administración que acredite que a empresa realizou a plena satisfacción do certificante, dentro dos últimos cinco anos, obras de natureza análoga á do concurso de que se trate.

A estes efectos considerárase obra de natureza análoga toda aquela de edificación que poida, pola súa natureza, prezo e prazo de execución, asimilarse á do obxecto do presente prego.

Nas certificacións farase constar ó menos, a descrición da obra, os metros cadrados construídos, o presuposto de adxudicación, data de inicio e finalización da obra, e relación presuposto/superficie construída.

- b) Certificado expedido pola persoa con capacidade suficiente para representar á empresa licitadora, que acredite o volume da obra executada por ela na Comunidade Autónoma durante os últimos cinco anos.

Desglosarase, indicando o volume executado en cada ano e o total, nos seguintes conceptos:

- Infraestructuras (estradas, portos, etc.)
- Edificación (Sanidade, Educación, Universidades...).
- Outras

- c) Documento no que a empresa se compromete a ter como delegado de obra, con capacidade suficiente para representala en todo canto afecte á súa execución, a un facultativo con dedicación plena durante o tempo de execución da obra, sendo ademais responsable da seguridade dela.

A empresa deberá acredita-la experiencia do facultativo delegado na dirección das obras de natureza análoga en que participou así como do equipo técnico que se adscriba a ela en función da importancia do proxecto, aportando curriculum detallado dos mesmos.

A súa substitución ó longo da obra será por técnicos de análogo perfil profesional e deberá ser aprobado pola dirección facultativa.

A Administración, por resolución motivada e por instancia da dirección facultativa, poderá esixir, en calquera momento, o cambio do facultativo e do persoal técnico adscrito á obra.

- d) Programa de construción das obras que aseguren a súa execución nos prazos (total e parciais) e anualidades contractuais, obtido a partir dun estudo de tempos-actividades, e a súa coherencia co prazo de execución ofertado.
- e) Relacións de equipos, maquinaria e demais medios que a empresa se compromete a poñer a disposición da obra.
- f) Plan de control de calidade da obra que a empresa desenvolverá durante a súa execución e plan de mantemento posterior especificando a porcentaxe e o importe en euros (IVE incluído) que supón dita porcentaxe, que asigne para tal efecto.

9. MESA DE CONTRATACIÓN

A Mesa de contratación estará composta polos seguintes membros:

Presidente:

- O Secretario Xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria ou persoa que lle substitúa.

Vocais:

- A Subdirectora Xeral de Construcións y Equipamento ou persoa que a substitúa.
- Un representante da Intervención Delegada.
- Un representante da Asesoría Xurídica.
- Un máximo de dos vocais designados polo órgano de contratación.

Secretario:

- O Xefe do Servicio de Contratación e Equipamento ou persoa que o substitúa.

10. EXAME DA DOCUMENTACIÓN

Constituída a Mesa de Contratación, o Presidente ordenará a apertura dos sobres que conteñan a documentación administrativa, certificándose polo Secretario a relación de documentos que figuren en cada un deles.

Se se observasen defectos ou omisións subsanables na documentación presentada, a Mesa comunicarallo ós interesados para que no prazo que a mesma estime oportuno, que non poderá superar os tres días hábiles, os corrixa ou subsanen ante a propia Mesa de contratación.

11. APERTURA DE PROPOSICIÓN

O día e á hora sinalado no anuncio de licitación procederase á apertura das ofertas económicas, comunicándose previamente ós licitadores o resultado da admisión previa de documentación y procedéndose seguidamente na forma sinalada nos artigos 83 e 84 do RGLCAP.

12. CRITERIOS DE VALORACIÓN

Para a valoración das proposicións realizadas no Sobre C, de referencias técnicas, a Mesa de contratación poderá solicitar cantos informes técnicos estime oportunos e, en todo caso, deberá ter en conta o baremo de puntuación que se establece de seguido referido á documentación establecida na cláusula 8.3 deste Prego:

Apartado a)	ata 4 puntos
Apartado b)	ata 3 puntos
Apartado c)	ata 4 puntos
Apartado d)	ata 5 puntos
Apartado e)	ata 3 puntos
Apartado f)	ata 4 puntos

O concurso seralle adxudicado a algunha das empresas licitadoras que, tendo obtido unha puntuación igual ou superior ós 2/3 da total posible segundo a aplicación que resulte do baremo anterior, presenten unha oferta económica que se encuentre situada entre a media e a máis baixa, cando concorran 10 ou menos empresas, ou no tercio das máis baixas cando a concurrencia sexa maior a 10 empresas. As fraccións consideraranse por exceso.

Para os efectos do parágrafo anterior, quedarán excluídas do cómputo as empresas que fagan unha proposición cunha porcentaxe de baixa que exceda en cinco unidades, polo menos, da media aritmética das porcentaxes de baixa de tódalas proposicións presentadas consideradas neste apartado.

Non obstante, o órgano de contratación poderá, logo dos informes adecuados e da audiencia do licitador, adxudicarlle o contrato a algunha das empresas que de acordo co parágrafo anterior deberían quedar excluídas. Cando a adxudicación se realice en favor dalgunha daquelas empresas esixiráselle unha garantía definitiva polo importe do 20 por cento do contrato adxudicado.

13. PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN

A Mesa de Contratación formulará a proposta de adxudicación ou de declaración de deserto, de conformidade co disposto no artigo 87 del RGLCAP, podendo solicitar antes, cantos informes técnicos considere precisos en relación co obxecto do contrato e de acordo cos criterios de valoración sinalados na cláusula anterior.

14. ADXUDICACIÓN DO CONTRATO

A resolución mediante a que se adxudique o contrato ou se declare deserto o concurso, será dictada polo Órgano de contratación, no prazo máximo de tres meses, desde a apertura da proposición económica conforme ó establecido no TRLCAP e será notificada a tódolos licitadores admitidos.

De non dictarse, o acordo de adxudicación dentro de dito prazo, os empresarios admitidos ó concurso terán dereito a retirar a súa proposición e a que se lles devolva ou cancele a garantía que prestasen.

15. OBRIGAS PREVIAS Á FIRMA DO CONTRATO

Unha vez notificada a adxudicación do contrato, o beneficiario disporá de 15 días para aporta-lo recibo que acredite o pago do gasto de publicación do anuncio de licitación en tódolos medios en que se practicase.

Así mesmo no prazo de 15 días desde que se lle notifique a adxudicación deberá constituír na Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia, unha garantía definitiva por importe do catro por cento do importe do contrato, a favor da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. De non cumprirse este requisito por causas imputables ó contratista, a Administración declarará resolto o contrato.

O contratista estará obrigado así mesmo ó pagamento de tódolos tributos vixentes ou que puideran establecerse e que pola execución das obras procedan e, especificamente ó abono da liquidación do imposto municipal sobre construcións, instalacións e obras, establecido na Lei 39/88 reguladora das Facendas Locais e das taxas para o abono de licencias urbanísticas, sexan de urbanización, edificación, actividades e instalacións e outras, e de calquera outra clase de taxas municipais ou prezos públicos que poidan esixirse con motivo da realización das obras e da obtención dos permisos correspondentes.

16. FORMALIZACIÓN DO CONTRATO

O contrato formalizarase no prazo de 30 días a contar desde o día seguinte ó da notificación da adxudicación.

Cando por causas imputables ó adxudicatario non puidera formalizarse o contrato, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria acordará a resolución do mesmo, previa audiencia do interesado y cos efectos que se establecen no artigo 34 do TRLCAP.

Si o contratista desexase elevar este documento a escritura pública serán pola súa conta tódolos gastos que conleve o mesmo.

17. COMPROBACIÓN DO REPLANTEO DA OBRA

Designado o Director de obra, sinalarase, dentro do mes seguinte á formalización do contrato, o día en que se practicará a comprobación do replanteo da obra, que será comunicado o contratista.

O día sinalado practicarase o replanteo, levantándose acta do seu resultado, que será asinada pola Dirección da obra e polo contratista, remitíndose un exemplar da mesma ó órgano de contratación.

No suposto de xurdir dificultades ou incidencias na comprobación estarase ó disposto nos artigos 139,140 e 141, no seu caso, do TRLCAP.

18. PLANO DE SEGURIDADE E SAÚDE

Antes do inicio da obra o contratista deberá presenta-lo Plano de Seguridade e Saúde a que se refire o RD 1627/97, do 24 de outubro, para a súa aprobación polo órgano de contratación.

19. PROGRAMA DE OBRAS

Dentro do mes seguinte á formalización do contrato, o contratista deberá presentar o programa de traballo afectado pola adxudicación, axustado ás datas reais de execución da obra, no que se incluírán os datos que sinalan no apartado 3 do artigo 144 do RXLCAP. O programa será aprobado polo órgano de contratación da Consellería.

Se o contratista non presentase en debida forma o programa de traballo, o director da obra poderá acordar non dar curso ás certificacións hasta que se cumpra este requisito.

20. EXECUCIÓN DAS OBRAS

As obras axustaranse ó establecido no correspondente proxecto, que deberá estar supervisado e ás instrucións que en interpretación do proxecto dera ó contratista o director das obras. Deberán axustarse así mesmo ó establecido no prego de cláusulas administrativas particulares.

O contratista deberá colocar no lugar máis adecuado, ou no que en todo caso sinala a dirección de obra, un cartel anunciador das obras a realizar, axustado ó modelo que se lle facilite. Na obra e no seu entorno non se poderá colocar ningún outro cartel sen autorización da dirección de obra. Na primeira certificación deberá unirse unha fotografía na que figure o cartel en primeiro termo.

21. ABONOS A CONTA POR MATERIAIS, INSTALACIÓNS E EQUIPOS

O contratista terá dereito a percibir abonos a conta sobre o seu importe sobre as operacións preparatorias realizadas como acopio de materiais, instalacións e equipos, nas condicións que se establecen nos artigos 155, 156 e 157 do RXLCAP.

22. CERTIFICACIÓNS DE OBRA

O director da obra expedirá dentro dos dez días seguintes ó mes a que correspondan, a certificación que comprenda a obra executada nese período de tempo.

O abono destas certificacións ten o concepto de pagos a conta suxeitas ás rectificacións e variacións que se produzan na medición final e sen supoñer en forma ningunha, aprobación ou recepción das obras que comprenden. A cada certificación de obra seralle descontada a taxa por dirección de obra vixente no momento do seu aboamento.

A tramitación das relación valoradas e da certificación axustarase ó establecido nos artigos 147,148,149, 150 e 151 do RXLCAP.

As certificacións que se estendan excedendo do importe das anualidades establecidas no contrato ou nas modificacións correspondentes non se abonaran ata que se comece a anualidade correspondente.

23. MODIFICACIÓNS DO CONTRATO

As modificacións do contrato só poderán realizarse coa aprobación do órgano de contratación e nas condicións que se establecen no artigo 146 do Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas e 103,158 e 159 do RXLCAP.

24. RECEPCIÓN DAS OBRAS

O contratista deberá comunicar ó Director de obra, cunha antelación de 45 días, a data previsible de terminación das obras. O Director das obras elaborará a tal fin un informe, remitirá xunto á comunicación do contratista, ó órgano de contratación da Consellería

Por parte do órgano de contratación designarase, como representante da Consellería, a un técnico facultativo, que fixará a data de recepción e convocará a este fin ó contratista, ó Director da obra e á Intervención Delegada, cunha antelación de 25 días.

Se as obras se atopan en bo estado e con arreglo ó proxecto aprobado, o técnico designado pola Consellería daraas por recibidas levantándose a acta correspondente.

Se as obras non se atoparan en estado de ser recibidas farase constar así na acta e o director das obras sinalara na mesma os defectos observados e as instrucións precisas para a súa solución, fixando un prazo para a realización das obras.

Poderán ser obxecto de recepción positiva aquelas partes de obra susceptibles de ser entregadas ó uso público, de conformidade co establecido no artigo 147.5 do TRLCAP e 165 do RXLCAP.

Recibidas as obras procederase á realización da medición xeral das obras realizadas e á expedición da correspondente certificación final das obras executadas, que serán con cargo a liquidación do contrato.

25. PRAZO DE GARANTÍA

O prazo de garantía iniciárase no momento en que a Consellería de por recibidas ás obras e terá unha duración de un ano, ou calquera outro superior que ofrezca o contratista.

O contratista coidará durante este período da conservación e policía das obras con arreglo ó previsto no prego de prescricións técnicas e ás instrucións do director da obra.

Dentro do prazo de quince días anteriores ó cumprimento do prazo anterior, o director da obra redactará un informe sobre o estado das obras. Si o informe fose favorable, o contratista quedará relevado de toda responsabilidade, excepto para vicios ocultos, procedéndose á devolución ou cancelación da garantía.

No caso de que o informe fose desfavorable e os defectos observados se deben a deficiencias na execución da obra e non ó uso do construído, durante o prazo de garantía, o director da obra dará as instrucións ó contratista para a debida reparación do construído, concedéndolle un prazo para iso, durante o cal continuará encargado da conservación das obras, sen dereito a percibir cantidade ningunha por ampliación do prazo de garantía.

26. LIQUIDACIÓN

Finalizado o prazo de garantía procederase á liquidación das obrigas con audiencia do contratista.

27. RESPONSABILIDADE POR VICIOS OCULTOS

Se a obra se arruína con posterioridade á finalización do prazo de garantía por vicios ocultos da construción, debido ó incumprimento do contrato por parte do contratista, responderá este dos danos e prexuízos durante o período de 15 anos a contar desde que a Consellería se fixo cargo das obras.

28. INCUMPRIMENTO DOS PRAZOS CONTRACTUAIS

O contratista está obrigado a cumpri-lo contrato dentro do prazo sinalado para a construción do mesmo.

Cando, por causas imputables ó contratista, se producise unha demora respecto ó prazo total do contrato, a Consellería poderá resolve-lo contrato ou ben impoñer unha penalización diaria na proporción do 0,12 por cada 601,01 euros do prezo do contrato. De optar pola penalización, cada vez que se alcance un múltiplo do 5 por cento do prezo do contrato, poderase resolve-lo contrato ou continua-la execución do mesmo con imposición de novas penalidades.

29. RESOLUCIÓN DO CONTRATO

O contrato resolverase cando concorra algunha das causas establecidas nos artigos 111 e 149 do Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas e os artigos 109 a 113 do RXLCAP.

30. REVISIÓN DE PREZOS

Tendo en conta o prazo de execución da obra que se establece na cláusula 4 deste prego, non se revisarán os prezos establecidos, de conformidade co establecido no artigo 103 TRLCAP.

31. PRÓRROGA DO CONTRATO

Cando a demora no cumprimento dos prazos parciais non fora imputable ó contratista, deberá este solicitar en escrito dirixido ó director da obra, unha prórroga do tempo para cumpri-los compromisos. O director elevará dito escrito xunto co seu informe ó órgano de contratación da Consellería, quen procedería á concesión da prórroga polo tempo que se estime oportuno, que en ningún momento poderá ser superior ó tempo perdido. En todo caso estarase ó disposto no artigo 100 do RXLCAP.

32. INDEMNIZACIÓN DE DANOS E PREXUÍZOS

O contratista deberá indemnizar tódolos danos e prexuízos causados a terceiros como consecuencia das operacións realizadas para a execución do contrato.

33. PRERROGATIVAS DA CONSELLERÍA

O órgano de contratación da Consellería terá a facultade de interpreta-lo contrato e as cláusulas do presente prego e resolve-las dúbidas que ofrezca o seu cumprimento.

As cuestións litixiosas xurdidas sobre a interpretación, modificación, efectos e resolución do contrato serán resoltas polo órgano de contratación poñendo fin os seus acordos á vía administrativa e contra os mesmos poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo conforme ó disposto e a Lei reguladora de dita xurisdicción.

34. FINAL

En todo o non previsto no presente prego estarase ó disposto no Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas e a normativa de desenvolvemento.

Coñecido e aceptado na súa totalidade.
O Contratista.

ANEXO I

MODELO DA OFERTA ECONÓMICA

Don/Dona _____, con enderezo en _____
_____, localidade _____ Código Postal _____
provincia _____.
Teléfono de contacto _____
Nº de Fax _____

No caso de actuar en representación:

Como Apoderado de _____, con NIF/DNI
nº _____ con enderezo en _____,
localidade _____ Código Postal _____ provincia _____.
Teléfono de contacto _____
Nº de Fax _____

Informado do anuncio inserto no Diario Oficial de Galicia

- Número _____
- Día/Mes/Ano _____

E das condicións e requisitos para concorrer ó Concurso para adxudica-la **obra de reposición do CEP “Dr. Fleming” de Vigo (Pontevedra)**.

A este efecto faise constar que coñece o Proxecto completo da obra e o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e Técnicas que serven de base á convocatoria, que acepta incondicionalmente as súas cláusulas, que reúne todas e cada unha das condicións esixidas para contratar coa Administración, e comprométese en nome de _____ propio ou da Empresa que representa, a tomar o seu cargo as mencionadas obras, con estricta suxeición ós expresados requisitos e condicións de acordo coa seguinte oferta:

- Prezo (en cifra): _____ euros.
- Prezo (en letra): _____ euros,
no que se inclúe a cantidade correspondente ó Imposto sobre o Valor Engadido (I.V.E) vixente.

Desglose:

Prazo ofertado: _____ días/meses (en letra: _____ días/ meses).

(Data e firma do proponente)